

CIRCULAR 247

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MARZO / ABRIL 2014

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación



Marta Rivas Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 248 de maio/xuño de 2014,
e sairá a principios do mes de xullo de 2014.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de xuño.

5	Información Xeral
12	Información das Seccións
20	Comisión de Ética e Deontoloxía
21	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
23	Grupo de Tráfico e Seguridade
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Na defensa da saúde mental

É un acto cotián, o de sentar a xantar ou a cear co informativo acompañando na televisión. Ao cabo dos últimos anos fómounos habituando a escoitar de fondo as cifras do desemprego, a escoitar testemuñas que sufriron desafiuzamentos, ou ver como xorden programas nos que a caridade substitúe a inacción do Estado asistindo a persoas que exhiben os seus dramas persoais en situacións de desesperanza buscando auxilio. Circunstancias dolorosas que para nós rematan no momento no que apagamos o aparello, pero que continúan na terrible realidade de quen as padece e que repercute gravemente na súa saúde, física e mental. Moitos e moitas profesionais cada día comprobamos nas nosas consultas como a crise económica está incidindo de xeito evidente na saúde da cidadanía. De feito, hai tres anos a Organización Mundial da Saúde (OMS) alertou de que era previsible un incremento da problemática en saúde mental a consecuencia do actual contexto económico, e que diante disto era preciso que os gobernos tomasen medidas para minimizar os seus efectos entre a sociedade.

Estabamos previstos do que podía acontecer e estase cumprindo. En cambio, o Estado non ofrece datos a este respecto e vemos

como non só non se tomaron medidas para paliar as consecuencias, senón que a tesoiira actúa sen remorsos na sanidade e como non, na saúde mental, no que as silentes patoloxías psíquicas, menos visibles e igual de danosas, se agravan. É por iso que preto de 300 profesionais da saúde mental da nosa comunidade autónoma e diversos colectivos, entre eles o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, promovemos o Movemento Galego da Saúde Mental de Galicia e asinamos a declaración “Pola protección da saúde mental e contra o deterioramento da súa asistencia pública”, coa que denunciámos diante da sociedade a grave situación na que nos atopamos e os dereitos que lle están a ser conculcados á cidadanía.

Representa un terzo do sector profesional, o que é indicador do gran malestar que existe. Estamos vivindo o momento no que o apoio asistencial é máis necesario, con persoas afectadas polo desemprego, a precariedade laboral, os desafuzamentos..., e pola contra, estanse a recortar os servizos de protección social. É responsabilidade do Estado frear o dano que está a padecer a sociedade, e non culpabilizar as persoas, como vai calando a través de mensaxes tan repetidas como que todo isto vén porque “vivimos por riba das nosas posibilidades”.

Entre os escasos datos que ofrece a Administración, considerámos como moi preocupante o incremento da taxa de suicidio en 2012 en España, que sen concluír que se deba exclusivamente á crise económica, é inevitable deducir que garda relación.

No conxunto do Estado pasou dun 6,64% a un 7,5%, pero na nosa Comunidade produciuse o maior agravamento. Así, na Coruña pasouse dun 11,7% a un 13,1%; en Lugo, dun 13,4% a un 16,1%; en Pontevedra dun 8,5% a un 9,1%. Só baixou en Ourense, dun 12,9% a un 11,8%. Máis cifras ilustrativas: entre 70.000 e 80.000 persoas en Galicia padecen trastornos mentais graves, e delas, entre 27.000 e 40.000 non acceden aínda ao sistema de atención á discapacidade, previsto na Lei de dependencia, porque aínda non puideron ser avaliadas.

A frustración entre os e as profesionais é inevitable, con contextos limitantes, como non poder ofrecer prestacións recoñecidas tales como a psicoterapia, xa que as citas entre consultas sucesivas alcanzan distancias de tres ou catro meses. Ao igual

AVISOS

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

AVISO

Declaración da renda

Serán gastos a deducir as cotas colexiais, ata un máximo de 500 €. Máis información na Asesoría Fiscal do COPG:

José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00

a 13.00 horas]

Cotas 2º semestre

O vindeiro 1 de xullo pasarase ao cobro o recibo correspondente ao 2º semestre de 2014.

que está a acontecer noutras áreas da sanidade, estase producindo unha dualidade entre ricos e pobres: quen pode recorrer ao sector privado, poderá ter asistencia; quen non, padecerá as consecuencias dos recortes dun dereito constitucional.

Non se están a realizar políticas proactivas de prevención do suicidio nin de protección das persoas sen fogar. E é que a área da saúde mental carece de dirección nin de proxecto, dado que o Plan Estratéxico de Saúde Mental en Galicia que se estaba a executar foi suspendido polo goberno autonómico na pasada lexislatura, sen establecer unha alternativa.

É máis, comprobamos como se está a propiciar a infrautilización dos recursos dispoñibles, atopando ata o 30% da camas de hospitalización psiquiátrica baleiras, que nos levan a pensar que se trata de demostrar unha situación irreal de exceso de recursos para crear un caldo de cultivo que xustifiquen os recortes na área.

O sector da cidadanía que máis necesidade ten de protección social, que coincide co máis desfavorecido é, cruelmente, o que maior dificultade ten para saír desta espiral. Esta non é a sociedade que queremos, e os e as profesionais da saúde mental imos loitar por evitar a normalización da desigualdade. Cómpre deter o deterioramento que se está producindo, co compromiso de profesionais, enfermos e familias, e esixir as responsabilidades a quen ten a obriga de cumprir con elas.

INFORMACIÓN
XERAL

Relacións institucionais

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse o 24 de febreiro reunión co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Gil de Bernabé, e o xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Neste encontro abordáronse as liñas do convenio de colaboración para 2014 entre ambas institucións en materia de protección civil.

A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, Xavier Sardiña Agra, reuníronse o 12 de marzo co secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Antonio Fernández-Campa García-Bernardo. Nesta reunión trataron da situación actual dos centros sanitarios en Galicia no caso dos titulados e tituladas en Psicoloxía.



M^a Rosa Álvarez Prada

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela que tivo lugar o 1 de abril. O COPG asiste a este Consello Social da USC en representación de Unión Profesional de Galicia, entidade da que forma parte.



Xavier Sardiña Agra

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza da Comisión Permanente de Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 3 de abril.

A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, reuníronse o 3 de abril co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela. Nesta reunión trataron como tema principal sobre a seguridade viaria, ademais das diferentes colaboracións que manteñen ambas as dúas institucións, como é a mediación intraxudicial, as catástrofes e emerxencias ou a violencia de xénero.



Eva Muíño Gómez

En representación do Colexio

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, celebrada o 7 de marzo.



Mª Jesús López Cernadas

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de entrega de mencións honoríficas, agradecementos e acto de acollida a novos colexiados e colexiadas do COP Navarra, que tivo lugar en Pamplona o 7 de marzo.



Carlos Montes Piñeiro

Carlos Montes Piñeiro, Coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de PTO do COPG, asistiu o 13 de marzo na Coruña a unha Xornada Técnica sobre o Acoso Laboral organizada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia (ISSGA) e o COPG ao abeiro do acordo de colaboración que ambos organismos teñen subscrito en materia de seguridade e saúde no traballo. Ademais da presentación pública do convenio, presentou o relatorio “Prevención de Riscos Laborais: Respostas desde a Psicoloxía”.

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á Xornada “Igualdade e violencia de xénero nas mulleres con discapacidade” organizada polo Consello Territorial da ONCE en Galicia, que tivo lugar o 17 de marzo na Coruña.

O COPG e o Consejo General de la Psicología



Concepción Rodríguez Pérez

O Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía Clínica do Consejo General de COP, que se celebrou o 22 de marzo en Madrid.

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de COP, celebrada en Madrid o 5 de abril. Tamén acudiu a Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, en calidade de convidada da área.

Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG

O 27 de marzo tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Nela aprobáronse a Conta de Resultados e o Balance de Situación a 31 de decembro de 2013 así como a Memoria de Actividades do Colexio en 2013. Tamén se aprobou nesta Asemblea a concesión da distinción de Colexiado de Honra do COPG ao noso compañeiro José Manuel Pazos Riveiro, colexiado G-0001.



Momentos da Asemblea

Conferencia sobre a psicoterapia de equidade feminista

O 11 de marzo tivo lugar no Salón de Actos do Colexio unha Conferencia sobre o manual *La salud mental de las mujeres: La psicoterapia de equidad feminista*, impartida por Soledad Muruaga, psicóloga e Presidenta da Asociación de Mujeres para la Salud (Madrid) e Pilar Pascual, psicóloga e coordinadora terapéutica do Espacio de Salud Entre Nosotras (Madrid), ambas autoras do manual.

O acto, gratuíto e dirixido a profesionais da Psicoloxía, foi organizado pola Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

▣ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

▣ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

▣ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: "Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000".



Asistentes á conferencia

AVISOS

Registro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Proclamación definitiva da candidatura presentada para concorrer ás eleccións á Xunta de Goberno do COPG

A Comisión Electoral do COPG, na súa reunión do 3 de abril de 2014, cumpridos os prazos estipulados para a presentación de reclamacións á proclamación provisional de candidaturas, efectuada pola Comisión o 24 de marzo de 2014, non téndose presentado ningunha, acordou:

1. Proclamar definitivamente como válida a candidatura presentada para concorrer ás eleccións á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, e que se relaciona de seguido, dado que reúne todos os requisitos esixidos nos Estatutos do Colexio Oficial de Psicología de Galicia:

G-1173	Mª Rosa Álvarez Prada	Decana
G-0313	Hipólito Puente Carracedo	Vicedecano
G-3497	Concepción Fernández Fernández	Secretaria
G-0793	Mª Concepción Prado Álvarez	Vicesecretaria
G-0066	Miguel Ángel Chouza Ponte	Tesoureiro
G-0136	José Luis Domínguez Rey	Vogal
G-2573	Ana Isabel Martínez Arranz	Vogal
G-1024	Olegaria Mosqueda Bueno	Vogal
G-1281	Eva Muíño Gómez	Vogal
G-1285	José Manuel Oreiro Blanco	Vogal
G-3609	Marta Rivas Rodríguez	Vogal
G-3064	Mª Concepción Rodríguez Pérez	Vogal
G-1625	Víctor Manuel Torrado Oubiña	Vogal

2. Modificar o calendario electoral, dado que non existe máis ca unha candidatura á Xunta de Goberno e de acordo co artigo 37 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, e que quedará da seguinte forma:

Xoves, 15 maio 2014

Proclamación definitiva de resultados pola Comisión Electoral. Comunicación á Vicepresidencia e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Achegas da Psicoloxía 2014. Premio “Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade”

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou o 29 de marzo a sexta edición do acto anual Achegas da Psicoloxía. No encontro, que este ano se desenvolveu en Santiago de Compostela, o COPG fixo entrega do seu máximo recoñecemento, o premio Dolores Llópiz - Psicoloxía e Sociedade 2014, aos veciños e veciñas do barrio compostelán de Angrois.

Galardoouse o gran labor realizado por estes homes e mulleres durante a traxedia ferroviaria do pasado verán. No seu fallo, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía gaba “o seu exemplar comportamento, salvador e reconfortante para as persoas afectadas directas, pero tamén a importancia que tivo para toda a sociedade en xeral e para os profesionais da psicoloxía en particular”.

Ademais do premio aos veciños e veciñas de Angrois, no acto Achegas da Psicoloxía 2014 deuse a benvida aos novos colexiados e colexiadas e recoñeceu-se a aqueles que levan 25 anos formando parte da institución. Tamén se fixo entrega da distinción de Colexiado de Honra a José Manuel Pazos Riveiro, en recoñecemento da súa extraordinaria entrega persoal tanto ao Colexio como ao desenvolvemento da profesión da Psicoloxía en Galicia.



Colexiados/as que cumpren 25 anos de colexiación



Momento da entrega do
Galardón Dolores Llópiz



Asistentes ao acto





A Decana do COPG,
Mª Rosa Álvarez Prada
e Manuel Pazos Riveiro,
Colexiado de Honra

Publicada no Boletín Oficial del Estado (BOE) a emenda que reconece como sanitarios aos psicólogos e psicólogas acollidos á transitoria

O Boletín Oficial del Estado (BOE) do 28 de marzo publicou a Lei 3/2014, de 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios na que se inclúe a emenda que reconece os dereitos adquiridos polas psicólogas e psicólogos que na actualidade desenvolven o seu labor no ámbito sanitario e se atopan acollidos á regulación transitoria disposta na Lei de Economía Social.

Esta emenda posibilitará que os e as profesionais que se atopan nesta situación poidan seguir realizando actividades sanitarias unha vez remate o período transitorio marcado por esta Lei (outubro de 2014).

Adhesión a manifesto

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou e adheriuse á declaración “Pola protección da saúde mental e contra o deterioro da súa asistencia pública” promovida polo Movemento Galego de Saúde Mental.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é unha das institucións que integra este movemento, co que se pretende informar á cidadanía e tomar medidas para comezar a frear o deterioro en curso.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á Asemblea da Saúde Mental de Galicia, na que se presentou a declaración, coa que se pretende resaltar a grave situación que está a sufrir esta área e que está a repercutir directamente na cidadanía e na súa saúde.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>. O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

- f Facebook:** <http://www.facebook.com/copgalicia>
- t Twitter:** www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia
- in LinkedIn:** <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolog%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Colexiación obrigatoria

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación realizada

□ O 21 e 22 de febreiro celebrouse o curso “O debuxo como recurso terapéutico en saúde mental infantil”. Foi impartido por **Francisco Díaz Sánchez**, Psicólogo Clínico no Unidade Mental Infanto-Xuvenil, dependente da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS), na Área Sanitaria de Ferrol.

Proporcionáronse ás persoas asistentes os aspectos teóricos e prácticos que axuden a interpretar os debuxos infantís como vía para comprender e acceder ao/á neno/a para poder axudalo no desenvolvemento de recursos para o afrontamento de situacións vitais complexas.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Momento do curso



Momento do curso



Momento do curso

□ Impartido por **Jorge Bajo Lema** e **Vanessa Vilas Riotorto**, ambos membros do Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía Clínica da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, celebrouse o 28 de febreiro e 1 de marzo o curso “Avaliación neuropsicolóxica da memoria a través das escalas de Wechsler”.

Os asistentes adquiriron coñecementos prácticos da administración e corrección da Escala de Memoria de Wechsler, así como da interpretación clínica de diferentes perfís de resultados.

□ O 4 e 5 de abril tivo lugar en Vigo o curso práctico de iniciación á hipnose impartido por **Estevo Creus Andrade**, Director do Centro de Intervención Psicolóxica sito en Santiago de Compostela e formador especializado en hipnose e relaxación.

O curso foi de carácter eminentemente práctico, ensaiando e practicando tanto individual como colectivamente as diferentes ferramentas propostas para fornecer aos/as alumnos/as coas habilidades e coñecementos básicos para a aplicación da hipnose sexa cal sexa a orientación terapéutica.

Formación prevista

Os vindeiros 6 e 7 de xuño terá lugar en Santiago de Compostela o curso “A primeira entrevista en psicoterapia”. Coordinado por **Carlos Álvarez García**, Tesoureiro da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, será impartido por **Yolanda Castro Casanova**, Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

O curso ten unha orientación práctica, polo que se fará énfase no uso de gravacións de diferentes tipos de entrevista, análise de ditas entrevistas, así como técnica de “role-playing”.

Desde a Sección estamos a traballar nas vindeiras propostas de formación, pero animámosvos a que nos enviades suxestións sobre temas que sexan do voso interese.

División de Psicoloxía Clínica e da Saúde (PCyS)

A División de Psicoloxía Clínica e da Saúde (PCyS) foi creada polo Consejo General de la Psicología para unificar, a nivel nacional, o ámbito profesional de intervención que lle é propio. O obxectivo que persegue é coordinar, integrar e desenvolver

as actividades científico-profesionais das persoas colexiadas especializadas na devandita área.

Podedes acceder a máis información sobre esta División no apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG.

Anuario da Sección de Psicoloxía e Saúde

O novo equipo de redacción desta publicación, dirixido por **Marta González Rodríguez**, xa está a traballar nos contidos que incluírá o seu próximo número. O Anuario contará unha vez máis cunha **sección de casos clínicos** na que vos invitamos a participar. Agardamos as vosas colaboracións.

Lexislación

O Boletín Oficial do Estado (BOE) do 28 de marzo publicou a **Lei 3/2014, de 27 de marzo**, que na súa disposición final oitava presenta unha modificación da disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública.

Esta disposición inclúe a **emenda que reconece os dereitos adquiridos polas psicólogas e psicólogos** que na actualidade desenvolven o seu labor no ámbito sanitario e se atopan **acollidos á regulación transitoria disposta na Lei de Economía Social**, segundo a cal poderán seguir realizando actividades sanitarias unha vez remate o período transitorio marcado por esta Lei (**outubro de 2014**), sempre e cando figuren nesa data como **acreditados para o exercicio de actividades sanitarias no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios** de acordo ao regulado na disposición adicional sexta da **Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social**.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

A Psicoloxía da Intervención Social está nun momento de importancia capital; por un lado cada vez máis persoas están demandando servizos e por outro lado minguan as posibilidades de prestacións.

É preciso que coñezamos profundamente a nosa profesión, pero tamén debemos coñecer novas investigacións e afondar en novas liñas de afrontamento aos novos retos que se nos presentan.

Co ánimo de vincular a realidade cambiante ao desempeño da profesión, desde a Sección de Psicoloxía da Intervención Social estamos a implementar actividades formativas nunha nova liña co afán de dar unha visión máis ampla que poida poñerse en práctica na actividade diaria.

Así o pasado 5 de abril realizouse o **obradoiro “A expresión artística como forma de intervención social. Expresión a través da cor e a pintura”**, que resultou práctico e con éxito, no que se abordou a maneira de usar a actividade plástica na práctica da intervención social.

Nesta mesma liña, o vindeiro 24 de maio terá lugar **unha** xornada formativa na que se verá como a música e o ioga poden resultar efectivos en distintas terapias e poñeremos en valor o uso e o goce dos sentidos do gusto e dos aromas nos ámbitos en que poidamos aplicalos.

**PROTOCOLOS
DE ACTUACIÓN
DO PSICÓLOGO OU
PSICÓLOGA NOS
SERVIZOS SOCIAIS
COMUNITARIOS**

 Colexio Oficial
de Psicólogos de Galicia
Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Protocolos

Xa está dispoñible na páxina web do COPG, no apartado de acceso restrinxido aos colexiados e colexiadas, o Manual de Protocolos de Actuación do Psicólogo ou Psicóloga nos Servizos Sociais Comunitarios que acaba de editar o Colexio a través da nosa Sección. Ademais de poder acceder aos mesmos a través da páxina web, tamén serán enviados por correo postal aos departamentos de Servizos Sociais dos concellos de Galicia.

Espazo Dialoga

Na Sección seguimos a traballar dentro do Espazo Dialoga, xunto con educadores e educadoras sociais e traballadoras e traballadores sociais, e estamos a organizar conxuntamente un novo **Foro de Intervención Social** para o último sábado do mes de setembro. Agradeceríamos non só a participación física no mesmo, senón tamén toda achega que axude a darlle calidade ao evento.

Informacións

□ No mes de setembro, probablemente en Madrid, celebrarase unha xornada de posta ao día no traballo da psicoloxía en Servizos Sociais e darase a coñecer un documento de actualización das funcións dos profesionais nos Servizos Sociais, ademais de facer unha análise do presente da profesión. Esta xornada está proposta pola Coordinadora da Área de Psicoloxía da Intervención Social, da que a Sección forma parte xunto co resto das Comunidades.

□ Propostas polo Grupo de Traballo sobre Envellecemento del Consejo General de la Psicología, e do que a Sección de Psicoloxía da Intervención Social forma parte xunto co resto das Seccións de Intervención Social de todo o territorio nacional, en novembro terá lugar en Barcelona as xornadas nacionais sobre envellecemento coas que se pretende actualizar a actividade profesional neste ámbito.

Calquera achega que contribúa a mellora e calidade da nosa profesión será benvida e agradecida.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/intervencion-social>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Identidade profesional PTO

Dirixida a todos os representantes da Área de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos dos distintos colexios de psicoloxía do Estado, celebrarase unha xornada de traballo sobre a identidade profesional que terá lugar en Madrid o 10 de maio. Abordarase o marco normativo e legal dos profesionais da psicoloxía e expoñeranse os retos de futuro para os profesionais de PTORH. A xornada pecharase cun debate sobre o impacto da Lei de Servizos e Colexios Profesionais.



Afiliación na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.



Certificación Norma ISO 10667

A Fundación Española para la Promoción y el Desarrollo Científico y Profesional de la Psicología (PSICOFUNDACIÓN) e a Cámara de Comercio asinaron un contrato de colaboración para traballar conxuntamente nas auditorías de certificación na Norma ISO 10667 (avaliación de persoas en contextos laborais e organizacionais). A Cámara de Comercio de Madrid, acreditada por ENAC, será a entidade certificadora.

Xornadas de emprendemento 2014

Coa temática de emprendemento, innovación e tecnoloxías emerxentes, celebrárase en Salamanca o 17 e 18 de xullo unhas xornadas sobre emprendemento que será foro de encontro e reflexión para aqueles profesionais vinculados ao estudo, á formación e á investigación da persoa emprendedora. Os distintos seminarios, obradoiros e conferencias teñen como obxectivo debater problemas concretos, integrar ferramentas tecnolóxicas e ser referentes de asesoramento para as empresas e sociedade en xeral. Máis información en www.isseweb.net.



Momento da xornada técnica

Xornada Técnica

Organizada conxuntamente polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, celebrouse na Coruña os días 13 e 14 de marzo unha **xornada técnica** de carácter monográfico sobre o **acoso laboral** que tivo como obxectivo incrementar a visibilidade dos psicólogos e psicólogas no campo da prevención de riscos laborais.

Carlos Montes Piñeiro, membro da Sección de PTO e Coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional do COPG presentou o relatorio “Prevención de riscos laborais: resposta desde a psicoloxía”, onde enfatizou o importante papel que a psicoloxía en xeral e a psicoloxía do traballo en particular poden e deben ter na prevención de riscos psicosociais. Por outra parte, **Manuel Lucas Sebastián**, ergónomo e psicólogo Presidente da Asociación Andaluza de Ergonomía-Psicología de Andalucía, centrou a súa intervención nos aspectos conceptuais e avaliativos do acoso. Así, **Rosa Jiménez Romero**, membro do Grupo de Ergonomía, Psicoloxía e Saúde Laboral do COP de Andalucía Occidental abordou na súa intervención a xestión de conflitos interpersonais en ámbitos laborais facendo especial fincapé na cadea conflito-violencia-acoso. No marco da xornada tivo lugar un curso de formación interna sobre a prevención de riscos psicosociais que tratou sobre a aplicación do Sistema de Análise Triangular do Acoso (SATA 3.0). Clausurou a xornada **José Rega Piñeiro**, xefe do Centro ISSGA da Coruña.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/secciones/traballo-e-das-organizacions>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Obradoiro

A Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG celebrou o pasado 8 de marzo o **II Obradoiro de avaliación forense e asistencia á vista xudicial**. Foi impartido por **Carmen González Pais**, psicóloga forense, concretamente na avaliación da credibilidade, da imputabilidade e da agresión sexual.

O obradoiro proporcionou ás persoas asistentes o coñecemento das diferentes fases e metodoloxías a seguir para a elaboración dun informe pericial e a identificar as principais dificultades na elaboración e a defensa do mesmo no xuízo oral. Tamén se analizaron os diferentes erros máis frecuentes na realización de periciais, que levan a denuncias ante as Comisións Deontolóxicas dos colexios oficiais.



Momento do obradoiro

Formación prevista

A intervención con mozos e mozas delinquentes espertou un grande interese por parte dos colexiados e colexiadas da Sección de Psicoloxía Xurídica cando foron preguntadas as súas preferencias de formación na enquisa realizada no ano 2013.

Froito dos resultados da enquisa a Sección organizará o Obradoiro “Intervención con mozos/as delinquentes” os sábados 3 de maio e 7 de xuño na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Será impartido por profesionais especializados no campo da intervención con menores infractores, **Juan Luis Basanta Dopico**, psicólogo do Xulgado e Fiscalía de Menores, e **Ricardo Fandiño Pascual**, psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica e Máster en menores en conflito social.

Fondo bibliográfico

A Xunta Directiva da Sección aprobou crear un fondo bibliográfico especializado nos diversos campos da psicoloxía xurídica. Vaise realizar unha primeira adquisición de fondos que se porán a disposición dos membros e estarán situados na biblioteca do COPG para a súa consulta.

Guía do perito psicólogo forense

Xa contamos coa edición da guía para o perito psicólogo/a forense. Este documento, resultado dun grupo de traballo da Xunta Directiva, porase á disposición dos membros na páxina web do Colexio. Así mesmo, procederase ao seu reparto en papel.

Información

Transcorrida unha década desde a celebración en Compostela do I Congreso da Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense, volve retornar á nosa cidade a sede de celebración do VIII Congreso (Inter)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense, que terá lugar do 23 ao 25 de outubro. A Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG colabora como organizador local. Máis información: www.usc.es/congresos/congresosepjf/

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/xuridica>

Dilemas éticos no traballo con menores

Na práctica diaria do exercicio da Psicología, os profesionais temos que enfrontar e resolver dilemas ou conflitos relacionados con principios éticos que entran en “colisión”.

Sobre o manexo destes conflitos cando estamos a traballar con menores e analizándoos desde as diferentes áreas de intervención (clínica, educativa, xurídica e social), foi o contido da mesa redonda celebrada o pasado 14 de novembro na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.

Un dos principios de maior relevancia e que, ás veces, no traballo con menores, pode crearnos un conflito ou dilema sobre como temos que actuar, é o da confidencialidade.

A confidencialidade da información que o profesional obtén no exercicio da súa profesión, é o principio no que se sustenta a relación terapéutica. Cando se trata de menores o tema é complexo.

A Lei de Protección Xurídica do Menor recoñece o dereito dos menores á súa intimidade, e, polo tanto, á confidencialidade da información obtida no desempeño do noso traballo. Os pais non sempre poden acceder á información que afecta á intimidade dos fillos, sen o consentimento destes últimos, especialmente nos tramos altos da minoría de idade: 14-16, 16-18.


Por suposto que o segredo profesional non se pode considerar un “valor absoluto”, de xeito que podemos atoparnos en situacións nas que teñamos que decidir qué principio ético debe prevalecer.

Nunha situación de conflito de intereses onde un dos valores sexa a confidencialidade e o outro o risco para vida, o profesional decide como xestionar ambos valores e inclinarse por un ou por outro vai depender do “grao” de gravidade no que se considera está en risco a vida, o “grao” de gravidade das consecuencias para terceiros se falta á confidencialidade, así como que alternativas pode haber que salvagarden ambos valores.

Sempre que nos vexamos ante un conflito de valores, hai que decidir cada vez en función da importancia e da implicación deses valores e dos diferentes elementos que confluían na situación.

É importante ter en conta no traballo con menores que a circunstancia mesma de someter a un menor a calquera tipo de actividade psicolóxica é confidencial, e vulneramos a confidencialidade cando emitimos informes a outros profesionais sen o oportuno consentimento.

COMISIÓN DE
ÉTICA E
DEONTOLOXÍA



*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Informacións

■ Desde o GIPCE temos iniciado unha rolda de xuntanzas cos distintos profesionais cos que estivemos traballando no accidente do tren Alvia coa intención de revisar a intervención e detectar tanto as cousas que funcionaron ben como as que terían que mellorarse. Ata agora realizáronse tres: o 6 de marzo coa directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), o 10 de marzo con Cruz Vermella e o 26 de marzo cos responsables do Concello de Santiago de Compostela. Aínda queda algunha xuntanza máis. Estas rematarán coa reunión final coa Dirección de Emerxencias e coa Dirección Xeral de Protección Civil.

■ O 17 de marzo, a Coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, mantivo unha xuntanza cos responsables de formación da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

O obxectivo da mesma é seguir coa colaboración na formación de distintos intervinientes no ámbito das emerxencias, como os voluntarios de Protección Civil e coa Policía Local.

■ O 7 de abril, **Ana Isabel Martínez Arranz**, Coordinadora do Grupo, asistiu a unha xuntanza co O61 para revisar o protocolo de activación do GIPCE e as situación de intervención no 2013 nas que este non participou.

Simulacros

Estase a organizar un simulacro para o vindeiro 21 de xuño no Aeroporto de Peinador (Vigo), para iso o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG foi convocado a unha reunión o pasado 24 de abril coa finalidade de ultimar os preparativos para o mesmo. En representación do GIPCE acudiu a esta reunión **Mª Luz Losada Somoza**, membro da Coordinadora do Grupo.

Colaboración e formación externa

■ Organizada pola Asociación Sociocultural de Minusválidos, o pasado 14 de marzo celebrouse a **I Xornada de intervención psicosocial en emerxencias** no Centro Cívico Caranza de Ferrol. En representación do GIPCE participou a compañeira **Sandra Izaguirre García**. O obxectivo desta xornada foi poder aprofundar en todos os recursos dos que dispón a cidade de Ferrol para integralos no traballo da asociación organizadora.



Momento da Xornada

- O 22 de marzo a Coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, impartiu un seminario no COP Catalunya sobre a intervención levada a cabo desde o Grupo no accidente do tren Alvia ocorrido o 24 de xullo de 2013.
- Invitados pola Universidade de Santiago de Compostela, o 8 de abril participaron nun Seminario do Máster de Psicoloxía Sanitaria, **José Ramón García Gómez e Ana Isabel Martínez Arranz**, ambos membros do GIPCE, para falar sobre o labor e a intervención do Grupo no accidente ferroviario do Alvia.

Renovación da Comisión Coordinadora do GIPCE

A Comisión Coordinadora é órgano de xestión do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias e está composto por 10 membros. Un dos obxectivos internos neste ano é a renovación de parte dos membros. Con esta renovación pretendemos dar a oportunidade de participar máis activamente a todos aqueles compañeiros e compañeiras interesadas. Nesta primeira renovación do ano as compañeiras **Fátima López Rodríguez e Elena González Piñeiro** ceden o seu sitio a **Julita Mª Touriño Araújo e a Mª Carmen Patiño García**. Desde a Comisión Coordinadora queremos agradecer a Fátima e a Elena o seu inmenso traballo desinteresado ao longo destes anos.

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Momento da sesión formativa

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

O pasado 12 de abril celebrouse a primeira reunión do ano do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, na que se desenvolveu a **sesión formativa “Directrices para a formación inicial en psicoloxía do tráfico e da seguridade”** impartida por **Mª Teresa Morali**, psicóloga e Presidenta da Sección de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do COP Catalunya.

Debido á necesidade de afondar na profesionalización neste eido e tamén á demanda dos compañeiros e compañeiras que se achegan a este ámbito, na Comisión do Grupo considerouse necesario abordar este tema de cara a unha proposta formativa inicial como requisito. Agora queda recoller as achegas/suxestións de todos os membros do Grupo para a elaboración desta formación.

Por outra banda, informouse, entre outras cuestións, da continuación do apoio da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia para o 2014 para os programas: Xornadas de Concienciación e PSICOVIAL, en función das necesidades das Unidades de Medidas Alternativas, coa salvedade do cambio dun mes a dous no caso das Xornadas de Concienciación.

Finalmente indicar que as vindeiras datas previstas para reunións do Grupo serán o 7 de xuño e o 25 de outubro de 2014, á falta da confirmación dos relatores.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos. Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/actividades/formacion>

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO “A PRIMEIRA ENTREVISTA EN PSICOLOXÍA CLÍNICA”

Datas: 6 e 7 de xuño de 2014.

Lugar: Santiago de Compostela

Docente: Yolanda Castro Casanova
Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres
de 9:00 a 14:00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos

2014 POLA PSICO LOXÍA